

**Escolma**  
**de**  
**Almanaques Galegos**  
**(1865-1929)**  
**[Bos Aires – A Habana – Galicia]**

**Edición de:**  
**Manuel Quintáns Suárez**

**Colaboración de:**  
**Élida Abal Santorum**  
**Alexandra Cillero Prieto**  
**Luís Alonso Girgado**

Os dezaioito almanaques que reproducimos nesta edición proceden da Real Academia Galega, Instituto Padre Sarmiento e Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, que cederon xenerosamente os orixinais e facilitaron así o noso traballo. A nosa gratitude ás tres institucións culturais de Galicia.

Os editores.

# ESCOLMA DE ALMANAQUES GALEGOS (1865-1929)

## ÍNDICE

### *Prólogo*

### *Almanaques:*

#### A) ARXENTINA

- I. Almanaques de Manuel Castro López  
(1898, 1900, 1921, 1927)

Presentacións. Fichas técnicas. Índices

- II. Almanaques de *Céltiga*  
(1927, 1928, 1929)

Presentación. Fichas técnicas. Índices

- III. *Almanaque de Galicia* de Fortunato Cruces  
(1909)

Presentación. Ficha técnica. Índices

#### B) CUBA

*Almanaque Gallego* de Adelardo Novo / Casimiro Fernández  
(1909)

Presentación. Ficha técnica. Índices

#### C) GALICIA

- I. Almanaques do editor e impresor Soto Freire  
(1865, 1866, 1869)

Presentación. Ficha técnica. Índices

- II. *Almanaque humorístico de Galicia para 1878*

Presentación. Ficha técnica. Índices

- III. Almanaque de *La Concordia* para 1879

Ficha técnica. Índices

IV. *Almanaque de Galicia. 1891*

Ficha técnica. Índices

V. *1895. Almanaque Gallego*

Ficha técnica. Índices

VI. *Almanaques de Ferrol, de Leandro Saralegui*  
(1906, 1910)

Presentación. Fichas técnicas. Índices

# ESCOLMA DE ALMANAQUES GALEGOS (1865-1929)

## PRÓLOGO

No período que vai de 1850 a 1930 aproximadamente aparece, na Galicia peninsular e na da diáspora americana, Cuba e Arxentina concretamente, un tipo de publicacións chamadas *almanaques* (e nalgúns casos *calendarios*) que exceden con moito daquelas follas informativas do curso de anos – meses – semanas – días (e outras incidencias meteorolóxico-astronómicas) e, conxuntamente, do santoral e outras precisións litúrxicas, e que en ocasións incluían refráns ou ditos ou cantigas populares alusivos aos fenómenos climático-metereolóxicos de meses ou estacións ou días do ano. Estas follas informativas eran propiamente os *calendarios*, termo procedente do latín *calendarium* e este de *calenda* ou *calendar* “datar, poñer nos escritos, cartas ou outros instrumentos a data do día, mes e ano”. Estamos, cos *calendarios*, na base informativa daquelas publicacións que, co nome de *almanaque* (ou almanaque-libro) suman ao que é a información propia do calendario, outras noticias e informacións sobre materias diferentes; materias que poden ser de natureza cultural, literaria, musical, médica, política, xenealóxica, histórica, agraria, náutica, biográfica, etc.

O termo *almanaque* pode proceder do árabe *al-manâ*, “cómputo” ou do grego *manakos*, “curso dos meses”. Os almanaques aparecen en Europa arredor do século XV (en latín ou en linguas vernáculas) e xa con anterioridade no mundo árabe. Nos séculos XVIII e XIX coñecen un extraordinario desenvolvemento en Francia e Alemaña, mais diso trataremos posteriormente. En Galicia son frecuentes na segunda metade do século XIX, editados por impresores, escritores ou xornalistas. O nome de Manuel Soto Freire é clave neste terreo ao que tamén contribuíron Manuel Castro López, Fortunato Cruces, Aureliano J. Pereira, Gumersindo Laverde Ruiz, Néstor Pardo, Luciano Cid, Farruco Lage, Ricardo Caruncho, Román Navarro, Arturo Vázquez ou Gerardo Castro entre outros. Dos talleres gráficos de xornais como *La Concordia*, *La Propaganda Gallega*, *El Correo Gallego*, *El Diario de La Coruña*, *La Monarquía*, *El Heraldo de Galicia*, etc., saíron boa parte destas singulares páxinas.

Un curto percorrido por aqueles almanaques que configuran esta escolma servirá para constatar a afirmación que fixemos dacordo coa cal o almanaque é o resultado dun calendario como base máis outras informacións complementarias que son a parte fundamental da publicación cuantitativamente. Polo demais, as referencias que facemos máis adiante aos almanaques europeos demostran que o valor individualizador destes

radica nese segundo e heteroxéneo apartado que nalgúns almanagues galegos consiste nas súas significativas achegas literarias; noutros, nos ben completos resumos (económicos, culturais, de sucesos) do ano e, noutros aínda, nas contribucións eruditas de salientables intelectuais sen esquecer a atención ao popular.

Vexamos: o *Almanaque humorístico de Galicia para 1878*, editado por *La Propaganda Gallega* en Ourense, dedica só seis páxinas ao rexistro de meses, semanas, días e santoral do ano; o resto, ata case setenta páxinas, é literatura, en prosa ou verso, de ton case sempre humorístico-festivo, de acordo co título da mesma publicación.

Similar estrutura temos, na Habana, en 1909, no *Almanaque Gallego* de Adelardo Novo e Casimiro Fernández, que combina a cronoloxía (días, meses) co santoral, fases da lúa e efemérides galegas (típicos de calendario), rematando –como é de agardar– coa síntese do “ano galego en Cuba” (o ano 1908). Unha elevada porcentaxe das máis de cento oitenta páxinas das que consta a publicación está dedicada a informar das sociedades galegas de Cuba, institucións tamén galegas e diversos textos literarios case sempre poéticos. Pola súa parte, o almanaque (logo calendarios) de *Céltiga* en Bos Aires –trienio 1927-1929– insire refráns e ditos populares de cada mes e unha ampla e variada crónica ou resumo anual que abrangue arte, sociedade, deportes, literatura, agricultura, economía, música, prensa, figuras salientables do ano –xa clausurado– no que aparece o almanaque: o “ano galego”, loxicamente. Todo, completado con textos poéticos.

Máis completos na información propia dos calendarios son os almanagues que editou e dirixiu Manuel Soto Freire en Lugo, na década 1860-1870, dirixidos “Á todas las bellas hijas del país” e para uso “de la juventud elegante y de buen tono”, pois, ademais do rexistro cronolóxico anual (nas habituais unidades de días – semanas – meses) e do santoral, introduce efemérides, festividades, datos de carácter relixioso-litúrxico, referencias astrolóxicas, etc. Aínda así, o que figura na cuberta “para 1865”, coas súas máis de 187 páxinas, dedica ás citadas informacións menos de 30 páxinas. Literatura, historia, didáctica, música, biografías e información galega de variado asunto ocupan o amplo resto destas páxinas nas que a muller e a xuventude posúen presenza sobranceira. En fin, só dúas páxinas enche a información metereolóxica e do santoral no *Almanaque Gallego para 1919* de Manuel Castro López publicado en Bos Aires en 1918 e que sobrepasa as 130 páxinas.

Foi precisamente a consulta dun volume da Biblioteca do Centro Ramón Piñeiro en cuxo lombo se pode ler “Almanagues gallegos (1919-1922)”, volume que leva o selo da “Biblioteca Paulino Vigón. Oviedo” e que contén catro almanagues da serie de trinta que de 1898 a 1927 publicou Manuel Castro López en Bos Aires, o que suscitou a miña curiosidade por

este tipo de publicacións. Os catro almanaques levan a dedicatoria da man do autor ao colaborador Pérez Constanti. Impresos nun papel de calidade extraordinaria, estes almanaques atesouran un espléndido e abondoso material fotográfico ao que hai que engadir óleos, gravados e debuxos dos nosos máis escolleitos artistas plásticos: F. Bello Piñeiro, F. Álvarez de Sotomayor, Seijo Rubio, Modesto Brocos, Carlos Sobrino, Castelao e outros. Todo isto, xunto coa importante variedade dos textos, que van dende a prosa erudita ata poemas en galego ou castelán, ao que se engade un abondoso material paremiolóxico e unha notable atención á creación popular.

Pois ben, este proxecto que o lector ten na man ou –mellor– visualiza na pantalla do ordenador é o resultado da referida curiosidade polos almanaques galegos, que callou na escolma –estimamos que suficiente e representativa– que presentamos e da que quero facer algunhas puntualizacións. A escolma está configurada en dúas partes de acordo con razóns de tipo xeográfico, que dan lugar a unha parte americana no alén mar e outra especificamente galega peninsular. Velaquí o conxunto escolmado:

#### I. ARXENTINA (Bos Aires)

1. Almanagues de Manuel Castro López, catro en total, para os anos 1898, 1900, 1921, 1927 [Lémbrese que sempre o ano de edición é o inmediatamente anterior ao que figura na cuberta que é o que nós utilizamos].
2. Almanaque (un) e calendarios(dous) de *Céltiga* para os anos 1927, 1928, 1929.
3. Almanaque de Fortunato Cruces para 1909.

#### II. CUBA (A Habana)

1. Almanaque de Adelardo Novo e Casimiro Fernández para 1909.

#### III. GALICIA

1. Almanagues de Galicia de Manuel Soto Freire para os anos 1865, 1866 e 1869 (Lugo, 1864, 1865 e 1868 respectivamente).
2. *Almanaque humorístico de Galicia para 1878* (Ourense, 1877. Director: Arturo Vázquez).

3. *Almanaque de La Concordia de Vigo para 1879* (Vigo, s. d., directores: Néstor Pardo e Luciano Cid).
4. *Almanaque de Galicia 1891* (Ferrol, 1890).
5. 1895. *Almanaque Gallego* (A Coruña, 1894. Directores: Farruco Lage e Guillermo Díaz).
6. Almanagues de Ferrol de Leandro Saralegui y Medina para 1906 e 1910 (Ferrol, 1905 e 1909 respectivamente).

Total: 18 almanagues.

Polo que se refire ás antecitadas puntualizacións, anotamos as seguintes:

1. Trátase dun material sobre o que temos relativamente pouca (aínda que reiterada) información. Como xénero ou produto bibliográfico cunha interesante dimensión literario-cultural leva décadas desaparecido e as mostras conservadas, certamente incompletas, hai que localizalas no Instituto P. Sarmiento, Museo Provincial de Pontevedra, Biblioteca Fermín Penzol de Vigo, Real Academia Galega, Biblioteca Xeral da Univesidade de Santiago ou Biblioteca da Diputación Provincial de Ourense.
2. Pola súa xeografía, parte destes almanagues ou calendarios nacen na Galicia peninsular e outra parte no alén mar, entre os nosos inmigrantes en Cuba ou Arxentina.
3. No que atinxe á súa duración ou continuidade, uns son produtos illados, singulares que só chegaron a tirar un ou dous números. Noutros casos constituíron series máis ou menos prolongadas. Así, é evidente o contraste entre almanagues coma o *Almanaque Gallego para 1909* de Cuba, que só tirou un número, e outros como a serie de trinta números titulada *Almanaque Gallego* e creada por Manuel Castro López en Bos Aires entre 1898 e 1927.
4. Dende o punto de vista do seu ámbito xeográfico predominan os referidos xenericamente a Galicia. Algúns misturan ese terreo cos de zonas limítrofes como Asturias e aínda conectan coa xeografía da diáspora (Arxentina, Cuba). Hainos tamén máis estritamente locais, como algúns dos publicados en Ferrol, Ourense ou Lugo.
5. No que atinxe aos contidos distintivos dos nosos almanagues temos:
  - a) Resumos informativos anuais con datos de todo tipo (feitos relevantes, novas culturais, económicas, deportivas, etc.).
  - b) Creación literaria (poemas e contos).
  - c) Recuperación e estudos de literatura e cultura popular, con atención particular á lingua e ao refraneiro.



- d) Estudos eruditos (historia, biografía, artes plásticas, costumes, arqueoloxía, documentos, pensamento, sociedade, etc.).
- e) Hai radicais diverxencias en materia de ilustracións: inexistente nos almanaques de Soto Freire, e interesante e de considerable riqueza e variedade nos de Manuel Castro López ou nos de *Céltiga*.
- f) A lingua rexistra un claro predominio do castelán que diminúe nas achegas poéticas. Chama a atención, porén, o interese pola lingua e polo popular galego. Singular excepción é 1895. *Almanaque Gallego* (A Cruña, 1894) integramente en galego, publicidade incluída.

Como dixemos, os *almanaques* teñen en común o feito de que a súa base informativa (cronolóxica-meteorolóxica-astrolóxica e relixioso-litúrxica) está superada con moito en amplitude polas achegas textuais de directores (Soto Freire, M. Castro López, Fortunato Cruces, L. Saralegui y Medina, Arturo Vázquez, Néstor Pardo, Adelardo Novo, Luciano Cid, Casimiro Fernández) e colaboradores (Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán encabezan unha vasta e meritoria listaxe de sinaturas) que deseñan un hereroxéneo abano temático de signo cultural: poemas e contos, por exemplo, enchen as páxinas do *Almanaque Gallego. 1895* que dirixen F. Lage e G. Díaz; do *Almanaque humorístico para 1878* que leva da súa man Arturo Vázquez ou do *Almanaque de La Concordia para 1879* que, “con la colaboración de escritores gallegos” dirixen, en Vigo, Néstor Pardo e Luciano Cid. Son os tres, inequivocamente, almanaques literarios por cuxas páxinas andan Curros, Añón, Lamas Carvajal, Salvador Golpe, Galo Salinas, F. Vaamonde Lores, Alejandro Barreiro, Aureliano J. Pereira, Emilia Calé, Jesús Muruais, etc.

A cuestión varía no *almanaque* (*calendario* –non entendemos ben a rectificación do termo– xa na segunda entrega) que *Céltiga* publica para o ano 1928, calendario que se declara “hermano gemelo de la revista *Céltiga*” e que, baixo orientación “fervorosamente galleguista” pretende “divulgar nuestros valores artísticos, intelectuales, pedagógicos, así como sintetizar, año por año, los progresos morales, materiales y espirituales de nuestra Patria Gallega”<sup>1</sup>. Da súa vontade informativa dan conta as 36 páxinas que ocupa a crónica de “El año intelectual y artístico” e as 15 de “El año económico”. Páxinas profusamente ilustradas e con non pouca publicidade, seguidas das dedicadas a “El año deportivo” (12 en total). Un feixe de poemas sempre en galego, xunto con algún relato, poñen o contrapunto temático e lingüístico a un caudal informativo (referido a

---

<sup>1</sup> Vx. “Notas editoriales”, no Calendario do ano 1928, s. p.

Galicia) que naturalmente estaba dirixido aos galegos emigrados na Arxentina.

Os almanaques de Manuel Castro López (1898-1927) editados en Bos Aires, varios deles nos Talleres Heliográficos de Ricardo Radaelli, frecuentemente con máis dun cento de páxinas por número e cubertas ilustradas a cor e con “la colaboración de distinguidos escritores y artistas”, responden ao esquema habitual de calendario cronolóxico sintetizado ao máximo (co seu santoral), seguido dun feixe de colaboracións de diverso signo que conforman unha publicación cultural baseada en estudos sociais e históricos, de arte e literarios, biográficos e médicos, etnográficos, arqueolóxicos e relixiosos, musicais e do ensino completados con poemas e breves prosas narrativas. A lingua é case sempre o castelán con algunha incorporación lírica en galego. A catalogación destes almanaques-libro como publicacións eruditas non é en exceso imprecisa, mais non está ausente a veta popular no refraneiro, na atención plástica e literaria a tipos populares e no signo popular dalgunhas composicións poéticas. Véxase, como exemplo, nos almanaques para 1918, 1919 e 1922, as recompilacións de “Refráns galegos de pronóstico” de Eugenio Carré Aldao ou estudos como “La muiñeira de Monterrey”, “A Romaría de San Ramón”, etc. Boa parte das ilustracións son tamén de inspiración popular. Os asuntos das colaboracións son de referencia galega, española ou americana (arxentina ou uruguaia en especial).

Tan singular como meritoria é a contribución de Manuel Soto Freire á modalidade dos chamados almanaques que, non sen certo criterio aristocrático, dirixe á “juventud elegante y de buen tono” e dedica ás “bellas hijas del país”. As informacións propias do calendario, situadas no comezo ou fin dos distintos volumes, suceden as páxinas dos colaboradores e do mesmo editor, literarias moitas delas (con salientable presenza de escritoras no almanaque para 1866), completadas con estudos ou artigos eruditos –historia, biografía, economía, xeografía urbana e natural de Galicia, agro, numismática, costumes, moral, etc.– e informacións puntuais que van dende os transportes públicos ata relacións de efemérides ou de “carreras del Estado que pueden seguir los jóvenes” (esta, no *Almanaque para 1865*). Nalgúns dos traballos latexa unha intención didáctico-moral, exemplarizante, e o emprego da lingua galega está reducido esencialmente a algunhas composicións poéticas. Trátase, en síntese, de almanaques-libro de carácter literario-erudito coa incorporación do calendario anual, que no almanaque para 1865 ocupa un espazo (30 páxinas) inusual con datos de tipo relixioso-litúrxico e astronómico. En prosa ou verso está presente Rosalía de Castro.

Ferrol tivo os seus almanaques particulares grazas, entre outros, a Leandro Saralegui y Medina. Son dous da súa responsabilidade os que

incorporamos a esta escolma<sup>2</sup> (anos 1906 e 1910) en representación dun máis amplo conxunto. Na “Revista del año” do almanaque de 1910 lemos que “Sale por sexta vez a la luz el almanaque de Ferrol”, publicación que daba continuidade, dende 1904, ao *Anuario Ferrolano* que, de acordo coa información de Guillermo Llorca<sup>3</sup>, circulou de 1900 a 1904 dirixido e fundado por Nicolás Fort Roldán. “Ferrolanos ilustres”, “La vida moderna en Ferrol y su comarca”, “El Hospital de Caridad de Ferrol” ou “Ferrol en la Exposición gallega de 1909” (todos do almanaque de 1910) son titulares acreditativos, xunto con outros varios, da atención ao local, ao especificamente ferrolán que certamente alterna e comparte espazo co máis xenérico referido a Galicia. Ben deseñada, coidada ata na fineza gráfica dos anuncios publicitarios, ilustrada xenerosamente, erudita e informativa nas súas case dúascentas páxinas (seguimos co almanaque de 1910), escrita con predominio absoluto do castelán, esta publicación que coordina e dirixe Leandro Saralegui está entre as mellores do seu xénero feitas en Galicia.

Chegados a este punto, convirá reiterar que, malia a admisión xeral xa comentada da sinonimia dos termos *calendario* – *almanaque*, a súa diferenza fundamental está en que “Por *almanaque* entendemos un calendario que contiene además noticias sobre otras materias, tanto científicas como literarias o artísticas, anécdotas, nociones de agricultura, estadísticas, teorías políticas, efemérides, consejos, etc. Se diferencia del *calendario* en que en éste sólo se contienen los días del año, colocados ordenadamente por meses y semanas, indicando las fiestas, el horario solar, las fases de la luna, las estaciones, eclipses y cambios atmosféricos”<sup>4</sup>. Cómpre lembrar que o calendario civil europeo que hoxe utilizamos é froito do calendario romano, baseado na sucesión de días e anos solares, coa ulterior reforma gregoriana. Xa na Idade Media os calendarios encabezaban libros manuscritos como misais, breviarios, libros de horas e litúrxicos que circulaban por Francia entre os séculos XIII e XV e por Alemaña no XIV escritos nas linguas vernáculas deses países. Os calendarios gregoriano, xuliano, persa, maia, republicano francés (1793), ruso, grego, litúrxico, lunar ou solar son variantes representativas dunha moito máis ampla diversificación deste tipo de publicacións que clasifican o paso do tempo e a súa configuración en unidades xunto con datos meteorolóxico-astrolóxicos.

O almanaque, xa que logo, é unha publicación que contén o calendario e algo máis (outras páxinas de natureza heteroxénea); é dicir, contén páxinas engadidas, moi superiores en número ás do calendario con saberes e datos que conforman un extenso abano ou ben se especializan

---

<sup>2</sup> Ademais destes dous de Leandro Saralegui, incorporamos a esta escolma o *Almanaque de Galicia para el año 1891*, elaborado e impreso en Ferrol, que leva en galego “Doce contos” de Lisardo Barreiro.

<sup>3</sup> Guillermo Llorca Freire, *Historia da prensa ferrolá*, Sada (A Coruña): do Castro, 1993, pp. 71 e 78.

<sup>4</sup> Vx. *Enciclopedia Universal Ilustrada europeo-americana*, Madrid: Espasa-Calpe, t. IV, 1991, p. 792.

(hainos poéticos, do agro, das xenealoxías dos reis, de produtos industriais ou comerciais, científicos, políticos, náuticos, de prensa, históricos, musicais, teatrais, etc.).

No que se refire á historia e variedade dos almanaques, xa no s. IV a información cronolóxica e de festividades eclesiásticas era tan relevante que adquiriron formato de libros manuscritos e no ámbito árabe, no s. XI, aparecen os “libros do ano”. Na Idade Media, Roger Bacon fixo un calendario para 1292 e apareceron outros que informaban de vinte ou trinta anos adiantados. En italiano e mais en inglés antigo xorden xa no s. XIII e o emprego de linguas vulgares aumenta no s. XV co período renacentista, cando se publican os primeiros calendarios de parede e se pon de moda a información astrolóxica. Estamos a falar, ata aquí mesmo, da prehistoria dos almanaques, convertidos en calendarios máis ou menos amplos e exentos doutros contidos. Hai que agardar aos comezos do s. XVIII para ter almanaques en Bélxica e Francia que consignaban, ademais da información propia do calendario, sucesos políticos, máximas e vaticinios da astroloxía xudiciaria. Durante as primeiras décadas do referido s. XVIII os almanaques foron científicos ou políticos e, deseguido, de asuntos históricos, con especial importancia dos publicados en Francia (*Almanach de la Révolution*, *Almanach Napoléonien*, *Almanach de la Démocratie* ou *Almanach des mois*, redactado este como revista por escritores liberais. Mais tamén apareceron o *Petit almanach de nos grands hommes* (1788) ou o *Almanach des gens désprit* (1762).

Xa no s. XIX temos novos temas de almanaque suxeridos polas mesmas cabeceiras: *Bons catoliques* (1928), *Bons conseils* (1926), *Almanaco igienico*, *Almanach de la santé*, *Almanach de France*, educativo e popular, e outros de intención satírica. Precisamente é agora cando aparecen almanaques—libro de carácter literario ou histórico que, malia denominarse almanaques, non o son. Así acontece co *Almanach des Muses* e *Nouvel almanach des Muses* (o primeiro deles nacido xa en 1765) ou *Almanach des prosateurs* (1801); tipo de libros de gran difusión en Alemaña co título de *Musen-Almanach* que así mesmo tivo as súas orixes no s. XVIII estendéndose polo seguinte, no que tiveron notable difusión os chamados “almanaques de peto” (*Keepsakes*) de formato libro e con gravados, xenealoxías, información xeral e traballos literarios.

En Francia (1853-1869) publicouse o *Almanach de la littérature, du théâtre e des Beaux Arts*, o *Almanache des spectacles* (1818-1885) e o *Almanach musical* (1854-1870). Nos Estados Unidos apareceu, en 1842, *The Nautical Almanac*; de novo en Francia, a gastronomía deu lugar ao *Almanach des gourmands* (1803) e o *Almanach des monnaies*, que nace xa en 1796 e chega ata ben mediado o s. XX polo menos.

O mesmo que os galegos, os almanaques das diferentes comunidades e cidades españolas (Barcelona, Madrid, Valencia, Córdoba, Murcia e as

illas Baleares salientaron neste terreo) tiveron un importante desenvolvemento ao longo dos séculos XIX e XX, aínda que non faltaron algúns –poucos, certamente– que viron a luz a finais do XVIII. Destes foi de moi longa duración o *Almanaque náutico y efemérides astronómicas*, do Real Observatorio de Cádiz (Madrid, 1791-1851) e tamén o *Almanaque rural e instrucción de labradores* (Madrid, 1800). Náutica e agro foron asuntos de moitas destas publicacións, entre as que foron numerosas as de ton humorístico e satírico-festivo: *Almanaque de la risa* (Madrid, 1864), *El tío Camándulas: almanaque cómico para el año 1877* (Madrid, 1876), *Almanaque humorístico médico-quirúrgico para 1884* (Madrid, 1883) cuxa referencia fai obrigada a mención de almanagues profesionais para médicos e farmacéuticos, mestres e militares, comerciantes e vendedores: *Almanaque del maestro para 1884*, *Almanaque de El Correo Militar para 1871*, *Almanaque farmacéutico para 1880*, *Almanaque judicial para 1903*, etc. Numerosísimos foron os de carácter relixioso, así, o *Almanaque de los amigos del Papa para 1891*, que circulaba xa en 1882; o *Almanaque católico y guía eclesiástica para 1879*, o *Almanaque franciscano para 1894*, o *Almanaque Kneipp para 1894* e moitos outros. Os touros, que desenvolveron unha importante prensa, non faltaron en almanagues como: *Almanaque el tío Jindama para 1899*, *Almanaque de Sol y Sombra para 1909*, *Almanaque taurino de La Coleta 1907* ou *Almanaque de el “toreo chico” 1903*.

Como en Galicia, a prensa (xornais, revistas, boletíns) auspiciou estas publicacións, das que circulou moito o *Almanaque del Diario de Barcelona* (1857, 1860, 1873, ...). Máis divulgados aínda estiveron o célebre *El zaragozano*, editado tamén en Palma de Mallorca en 1881 e en Madrid en 1896 e, dende logo o de tipo enciclopédico de Bailly-Bailliére e hijos (1897, 1900, etc.). Foron frecuentes as cabeceiras que explicitamente apuntaban ao mundo da política: *Almanaque tradicionalista para el año 1935*, *Almanaque “El Socialista” para 1930*, *Almanaque carlista (1870)*, *Almanaque democrático para el año 1856*, *El año Jaimista: almanaque para 1915*. Moitos, moitísimos foron os de tema literario: *Almanaque literario e ilustrado para 1874*, *Almanaque literario de El Museo Universal (1858)*, *Almanaque de las bellas composiciones poéticas de Bernardo Fábregues (1873)*, *Almanaque literario del Ateneo catalán para 1864*, *Almanaque literario para el año bisiesto de 1880*, *Almanaque literario de 1935* (de Guillermo de Torre, M. Pérez Ferrero, et alii), *Almanaque de las artes y las letras para 1928* (de G. García Maroto). En fin, a muller, agasallada nos almanagues de Soto Freire, protagoniza o *Almanaque de las gracias y elegancias femeninas para 1899* ou *El amigo de las damas: almanaque de salón y tocador para señoras y señoritas (1875)*, de Blanca de Gassó y Ortiz.

E unha mínima referencia a almanaques raros e curiosos: *Almanaque quita-pesares para 1885*, *El Can-Can: almanaque profético para el año de 1871*, *Almanaque higiénico para (1878)*, *Los refranes del almanaque (1896)* de Rodríguez Marín, *Almanaque lotérico para el año de 1857*, *Almanaque del empleado para el año ... (1868-1936)*, *Almanaque de Santa Teresa para el año 1874*, *Almanaque civil de libre-pensadores para 1893* ou o da *Perfumería Venus*, “obsequio a sus clientes” para 1928.

## Bibliografía

- Xesús Alonso Montero, *Lingua e literatura galegas na Galicia Emigrante*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.
- Xosé Luis Blanco Campaña, *Radio e Prensa na Galicia exterior*, Col. *A nosa diáspora (Da emigración á galeguidade)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.
- José J. Cabano Vázquez (Coord. / Dir.), *A imprenta en Galicia, século XIX [Catálogo colectivo de patrimonio bibliográfico de Galicia. Vol. I]*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002.
- Ricardo Carballo Calero, “Xuízo do ano. Poesía desconocida de Rosalía en el *Calendario Gallego* de Soto Freire”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos* número 69, T. XXIII, páxs. 237-240, Santiago de Compostela, 1968.
- Uxío Carré Aldao, *A imprenta e a prensa en Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991. Col. *Bibliofilia de Galicia* (Edición facsimilar).
- *Catálogo Colectivo del Patrimonio Bibliográfico Español*, Madrid: Ministerio de Cultura ([www.mcu.es/patrimoniobibliografico](http://www.mcu.es/patrimoniobibliografico))
- *Enciclopedia Galega Universal*, T. I, Vigo: Ir Indo, 1999.
- *Gran Enciclopedia Galega*. (Silverio Cañada), Lugo: El Progreso, 2003, T. II.
- Guillermo Llorca Freire, *Historia da prensa ferrolá*, Sada (A Coruña): do Castro, 1993.

- Xosé Neira Vilas, *A prensa galega de Cuba*, Sada (A Coruña): do Castro, 1985.
- Antonio Odriozola, *Las imprentas en Pontevedra en el siglo XIX*, Pontevedra: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 1989.
- Antonio Odriozola / José R. Barreiro, *Historia de la imprenta en Galicia*, La Coruña: Galicia Editorial (Biblioteca Gallega), 1991.
- Vicente Peña Saavedra (Dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998.
- Nicanor Rielo Carballo, *El libro lucense (1495-1936)*, Sada (A Coruña): do Castro, 1982.
- Enrique Santos Gayoso, *Historia de la prensa gallega (1800-1986) e (1800-1993)*, T. II, Sada (A Coruña): do Castro, 1990-1995.
- Manuel Soto y Freire, *La imprenta en Galicia*, Lugo: Círculo de las Artes, 1982. Edición de Xosé Ramón Barreiro Fernández.
- Alberto Vilanova, *Los gallegos en la Argentina*, 2 tom., Buenos Aires: Galicia, 1996.
- Dolores Vilavedra (coord.), *Diccionario da literatura galega, II. Publicacións periódicas*, Vigo: Galaxia, 1997.
- José Villaamil y Castro, *Bibliografía de Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997.

## **Relación incompleta de almanaques (e algún calendario) de Galicia**

### **I. ARXENTINA (Bos Aires)**

1. *Almanaque Gallego / para...* de Manuel Castro López. Bos Aires (Arxentina, 1898-1927). Trinta almanaques en total. Os diferentes números imprimíronse nos Talleres Gráficos de F.

Ortega, El Correo Español, Ricardo Radaelli, Cía Gral. de Fósforos, etc.

2. *Almanaque de Galicia, 1909*. Director e fundador: Fortunato Cruces. Imp. Lit. y Encuadernación de Albert Menkesun. Número único, 148 páxs.
3. A serie de *Almanaque / Calendario Gallego* que en Bos Aires apareceu co selo das Edicións Céltiga entre os anos 1927-1931. Son en total cinco números que a revista *Céltiga* publicita. Así, no número 143 (10-XII-1930) anuncia o “Calendario Gallego para 1931” ao prezo de \$ 1.50, precisando que o dese ano “es el quinto” da serie. No número 146 (25-I-1941) xa consta que “apareció el Calendario Gallego de 1931” que contiña as seguintes seccións especiais: “El año intelectual y artístico – El año Económico – El año deportivo – Colaboraciones inéditas especiales – Profusión de grabados y fotografías”, e engadindo que “Contiene selecto material literario, cuentos gallegos, curiosidades, tablas interesantes, y vistas y paisajes de Galicia, etc. A cabeceira pasou de *Almanaque* (1927) a *Calendario* (restantes e sucesivos anos).

## II. CUBA

*Almanaque Gallego, 1909*. Directores: Adelardo Novo e Casimiro Fernández. Número único, 190 páxs.

## III. GALICIA

1. *Almanaque de Galicia para 1858 geográfico, agrícola, instructivo, civilizador*. Pontevedra, 1857. Contén os nomes de cerca de 4000 santos e curiosos datos estadísticos. Impr. de José Vilas, 64 páxs.
2. *Almanaque histórico de Galicia para el año 1859*. Lugo, 1858, Impr. de M. Soto Freire, colaboración de José Montero y Aróstegui, 44 páxs.
3. *Calendario gallego de El Diario de La Coruña para 1862*. A Coruña, 1862, Impr. de Castor Mígues, 122 páxs.
4. *Almanaque de Galicia (Almanaque de / para uso de la juventud elegante y de buen tono. Dedicado a todas las bellas hijas de Galicia)* do impresor e editor Manuel Soto Freire. Lugo, 1964-1969. Seis almanaques en total. Os dos anos 1867 e 1868 saíron tamén coa cabeceira *El reino de Galicia*.



*Almanaque dedicado a nuestros hermanos de ultramar*. No ano 1865 apareceu ademais un prospecto de catro páxs. [Tamén no do ano 1865 ía saír o conto “El codio”, da autoría de Rosalía de Castro, mais unha manifestación dos seminaristas de Lugo, que causou grave dano no prelo do impresor, impediu a súa publicación. O escrito de Rosalía desapareceu]. Ademais deste almanaque Manuel Soto Freire imprimiu os seguintes:

- a. *Las dos Asturias. Almanaque de 1865* “para utilidad y recreo de las provincias de Oviedo y Santander”. Santander: Librería de Fabián Hernández; Oviedo: Librería de Rafael C. Fernández; Lugo: Soto Freire Editor. Lugo, 1864, 212 páxs. Introducción de Gumersindo Laverde Ruíz. [Tira este almanaque o seu segundo número, (con 64 páxinas e dedicado, como o anterior, ás provincias de Oviedo e Santander), en 1866, sempre auspiciado por Gumersindo Laverde, que exerceu como catedrático no Instituto de Lugo. No citado almanaque de 1865 figura como dato “año II”, polo que, en total, estaríamos a falar de dous números].
- b. *Calendario Gallego* “religioso, profético, astronómico (astronómeco), recreativo, patriótico (patreóteco), popular e barato”, impreso e dirixido “por un amante de su país”. Inicia a súa xeira co que corresponde ao ano 1859 (impreso en 1858), do que no Catálogo Colectivo del Patrimonio Bibliográfico Español temos un total de nove números datados entre os anos 1860-1926 (con variable número de páxinas: 36 o de 1860, 48 o de 1867, 64 o de 1864, etc.). Desde 1897 o impresor é o tamén lugués Xerardo Castro. Este foi o editor responsable da cabeceira *O gaiteiro de Lugo: calendario gallego para...*, sucesora do anterior. De 1928 a 1958 polo menos saíu este calendario que, no catálogo antes citado, está representado con vinte e un números conservados. As cabeceiras e outras páxinas destas publicacións están con frecuencia en galego e, neste segundo caso, integramente desde 1937. *O Gaitero de Lugo* prolongou a súa xeira ata 1973, aínda que fóra de Lugo desde 1964. A suma destes dous calendarios é de 116 números.
- c. *Calendario de Galicia y Asturias para el año 1858*, “astronómico, profético, lunático, religioso, agrícola,

estadístico, recreativo, popular y barato”, Lugo, 1857.  
[Folleto de 32 páxinas].

5. *Almanaque popular de Galicia para el año bisiesto de 1868*. Pontevedra, 1867, Impr. de Antúnez y C<sup>a</sup>, 132 páxs.
6. *El Herculino: almanaque político y literario de Galicia para 1869*. A Coruña, 1868. Composto por Fontenla... [et. al.], ilustrado polo litógrafo Juan Lasauce e editado por Vicente Abad. Imprenta de La Casa de Misericordia, a cargo de Bruno Cánovas.
7. *La madeja literaria*. Almanaque para el año de 1875. Lugo, Impr. de Juan Antonio Menéndez. Arreglado por Aureliano J. Pereira. Colaboración de: Neira Cancela, Emilia Calé, Vesteiro Torres, Camilo Placer, José María Posada, Castro Pita, etc. A parte literaria ocupa as páxs. 14-95.
8. *Almanaque de El Herald Gallego para 1877* (“con la colaboración de escritores gallegos”). Ourense, 1876, Impr. de *La Propaganda Gallega*, 63 páxs. Exemplar pertencente á Biblioteca Benito Fernández Alonso.
9. *Almanaque humorístico de Galicia para 1878*. Ourense, 1877, Impr. de *La Propaganda Gallega*. Director: Arturo Vázquez, 64 páxs.
10. *Almanaque de La Concordia de Vigo para 1879*. Vigo, s. d., Impr. de M. Fernández Dios. Directores: Néstor Pardo y Luciano Cid, 111 páxs. [Coa colaboración das señoras Emilia Pardo Bazán e Emilia Calé Torres de Quintero].
11. *La Aurora de Galicia. Almanaque literario para 1879*. Editor: Vicente Abad. A Coruña, 1878. “Arreglado por Leonardo Mármol, con la colaboración de Abuín... (D. Eduardo)... [et. al.]”. Imprenta y Estereotipia de Vicente Abad.
12. *El Alba. Almanaque*. Lugo, 1881 [Rexistrado entre as obras “no catalogadas por falta de datos” por Nicanor Rielo Carballo] (Vx. Bibliografía).
13. *Almanaque de El Correo Gallego para 1881*. Ferrol, 1881, Impr. de *El Correo Gallego*.
14. *Almanaque gallego para 1882*. A Coruña, 1881, Impr. de Vicente Abad. Directores: Ricardo Caruncho e Román Navarro; máis de 118 páxinas.
15. *Almanaque de Galicia para el año de 1891*. Ferrol, 1890, Imprenta y Librería de Ricardo Pita, 99 páxs. [“Regalo a los suscriptores á *La Monarquía*”].
16. 1895. *Almanaque Gallego*. A Coruña, 1894, Impr. na Tipografía La Unión Gallega. Directores: Farruco Lage e Guillermo Díaz; 136 páxinas.

17. *Almanaque de Ourense para 1899*. Ourense, 1898, Impr. por Tipografía La Editorial, 142 páxs.
18. *Almanaque lucense*, Imprenta de G. Castro, 1899 [Rexistrado entre as obras “no catalogadas por falta de datos” por Nicanor Rielo Carballo] (Vx. Bibliografía).
19. *Almanaque de Ferrol*. Seis números en total, publicados entre 1904-1909. Neste último ano apareceu o Almanaque para 1910 onde se le “sale por sexta vez á luz el Almanaque de Ferrol”. Leandro Saralegui y Medina é o responsable desta publicación impresa na Imprenta y Estereotipia de *El Correo Gallego*. Este almanaque é continuación do *Anuario Ferrolano* publicado na cidade no período 1900-1904, publicación fundada e dirixida por Nicolás Fort Roldán e impreso no prelo de *El Correo Gallego*.
20. *Almanaque para 1930: Ano do Nascimento de Noso Señor Xesucristo 1930 (Século XX)*. Publicado no Suplemento número trece da revista *Nós* no mes de Nadal de 1929, 20 páxs.
21. *Almanaque Agrícola ZZ*. Comeza a publicarse no ano 1953 polos laboratorios Zeltia S. A. de Porriño (Pontevedra). Nos anos setenta tiña unha tiraxe de 40.000 exemplares. Escrito integramente en galego, contiña datos interesante para o agro galego.
22. *Almanaque Faro de Vigo*. Contén *Cousas da vida* de Castelao. Vigo. Imprenta de *Faro de Vigo*, s. a.

Luis Alonso Girgado  
Centro Ramón Piñeiro  
Outubro de 2008